

REQUISITOS E MÉRITOS PARA AS AXUDAS DO PROGRAMA DE APOIO Á ETAPA PREDOUTORAL



REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS PROPOSTAS

De obrigado cumprimento

- Ter nacionalidade dun Estado membro da UE (haberá unha reserva de prazas para persoas non comunitarias)
- Estar matriculadas nun programa oficial de doutoramento dunha universidade do SUG para o curso 2023/24
- Acreditar o título oficial de mestrado
- Data de finalización dos estudos de de grao, licenciatura, arquitectura, enxeñaría, arquitectura técnica, enxeñaría técnica, diplomatura ou equivalente ≥ 1 de xaneiro de 2020
- Nota media dos estudos $\geq 7,5$ puntos (ou ≥ 7 para a rama de coñecemento de Enxeñaría e Arquitectura). No caso de ter recoñecida unha discapacidade, esta nota será $\geq 6,5$ puntos

- Esta nota, aproximada a catro decimais, formará parte da valoración e multiplicarase por 6,5. Poderá recibir unha puntuación **máxima de 65 puntos**.

As epígrafes b, c, d e e serán acreditadas mediante o formulario Anexo V, asinado pola persoa titular da vicerreitoría de investigación ou persoa na que delegue

MÉRITOS PUNTUABLES DAS PERSOAS CANDIDATAS PROPOSTAS

De NON obrigado cumprimento

- Memoria de adecuación do proxecto de investigación á RIS3 Galicia 2021-2027: **máximo 10 puntos**
- Certificado do nivel de coñecemento dunha lingua estranxeira en que figure expresamente o nivel alcanzado de acordo co Marco común europeo de referencia para as linguas: **máximo 7 puntos**
- Acreditación de ter concedida unha bolsa de colaboración nun departamento universitario do Ministerio de Educación e Formación Profesional: **máximo 3 puntos**

A valoración da adecuación do proxecto de investigación á Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021-2027 (RIS3 Galicia) será realizada por un grupo de traballo designado polo Grupo Técnico da Comisión Interdepartamental de I+D+i

MÉRITOS PUNTUABLES DAS PERSOAS DESIGNADAS PARA DIRIXIR OU CODIRIXIR A TESE DE DOUTORAMENTO

De NON obrigado cumprimento

Puntuación máxima de 15 puntos:

No caso de solicitudes presentadas por unha universidade do SUG:

- Pertenza a un grupo con potencial de crecemento que contara con financiamento nalgunha das convocatorias de 2020 a 2023: **5 puntos**.
- Pertenza a un grupo de referencia competitiva que contara con financiamento nalgunha das convocatorias de 2020 a 2023: **10 puntos**.
- Pertenza a un equipo de investigación dirixido por persoal investigador baixo a modalidade de investigador distinguido contratado pola Axencia Galega de Innovación (programa Oportunus), ao abeiro do Decreto 64/2016 (DOG número 112, do 14 de xuño), polo que se regula o réxime de contratación pola Axencia Galega de Innovación de persoal investigador baixo a modalidade de persoal investigador distinguido; ou a un equipo de investigación do que forme parte unha persoa investigadora beneficiaria dunha axuda do Consello Europeo de Investigación (ERC): **12 puntos**.
- Pertenza a un centro de investigación con acreditación vixente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a unha Unidade de Excelencia María de Maeztu ou a un centro de excelencia Severo Ochoa radicados en Galicia e con axuda vixente: **15 puntos**.

No caso de solicitudes presentadas polas demais entidades indicadas no artigo 2.1:

- Ter participado no desenvolvemento de proxectos concedidos pola Axencia Galega de Innovación para a realización de actividades de I+D+i entre os anos 2020 e 2023: **4,5 puntos**.
- Ter sido beneficiario de actividades financiadas pola Axencia Galega de Innovación entre os anos 2020 a 2023: **10,5 puntos**.
- Que forme parte do grupo de investigación unha persoa investigadora beneficiaria dunha axuda do Consello Europeo de Investigación (ERC): **10,5 puntos**.
- Ter sido a persoa investigadora principal dalgún proxecto concedido polo Plan nacional de I+D+i entre os anos 2020 e 2023. A entidade beneficiaria deste proxecto, ou proxectos, deberá ser a mesma que a entidade solicitante destas axudas: **12 puntos**.
- Ter participado no desenvolvemento dalgún proxecto concedido polo Programa marco de I+D da Unión Europea, entre os anos 2020 e 2023, no que a entidade solicitante participara en calidade de socio: **12 puntos**.
- Ter participado no desenvolvemento dalgún proxecto concedido polo Programa marco de I+D da Unión Europea, entre os anos 2020 e 2023, no que a entidade solicitante participara en calidade de líder: **15 puntos**.

importante: Só se terá en conta a puntuación acadada pola pertenza da persoa designada para dirixir ou codirixir a tese a unha estrutura grupal ou supragrupal universitaria ou de organismos de investigación alleos ao SUG, e só se valorará por unha das epígrafes, de xeito que non son acumulativas entre si.

A onde dirixirse

Para solicitudes de universidades do SUG:

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES
SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES
Teléfonos: 881995152 / 881995980
Email: promocioncientifica.educacion@xunta.gal
Información web: <http://www.edu.xunta.gal>

Para solicitudes de organismos públicos de investigación de Galicia, fundacións de investigación sanitaria de Galicia e centros do CSIC radicados en Galicia:

AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN
Teléfonos: 881999213 / 981543991
Email: axudas-rrhh-xestion.gain@xunta.gal
Información web: <http://gain.xunta.gal>